

## Teachers Programmes.

A nosa “particular” viaxe

Carmen Pérez Escudero. IES Ricardo Mella. Vigo

Carmen Villanueva Pérez. IES Tomiño. Tomiño



En novembro de 2007, Marcos Mariño (actualmente profesor da Universidade de Xenebra e naquel momento investigador no CERN) pronunciaba a Conferencia de Clausura do XX Congreso de ENCIGA titulada: “Do LHC aos buracos negros”. A maneira brillante de presentarnos de xeito claro e divulgativo un tema tan complexo, fixo nacer o interese de moitos asistentes por coñecer o berce da ciencia moderna. Alá polo mes de xaneiro, na celebración do XX aniversario en Carballo, a directiva informounos da posibilidade de realizar un curso sobre “ Física de partículas” en español, de 5 días, no mes de Setembro.

Salvadas as dificultades, aterrámos en Xenebra, e o día 14 de setembro (domingo) ás 7 da tarde o coordinador Mick Storr dábanos a benvida aos 23 participantes do Spanish Teachers Programme 2008 no Restaurante nº 1 do Cern en Meyrin (moi pertiño da fronteira con Francia), só catro días despois da exitosa posta en marcha do LHC (Large Hadron Collider). Alí coincidimos co Council de España, o galego Carlos Pajares, que ía asistir a unha importante reunión e aproveitou para saludarnos.

Durante cinco días tivemos a oportunidade de asistir:

- A unha serie de interesantes **conferencias** impartidas por algúns dos mellores físicos españois do momento. Entre os temas abordados destacamos: unha breve introdución ao CERN, Física de Partículas e Cosmoloxía, funcionamento dos aceleradores de partículas, detectores, crioxenia, a Grid, así como a participación de España e Galicia nos distintos proxectos científicos.
- Outra parte importante da experiencia foi **visitar** diversas dependencias, coma o Microcosmos, o Centro de Supercomputación, a fábrica de Antimateria. Foi unha mágoa non poder baixar á caverna do detector ATLAS, houbo que conformarse coa visita á súa Sala de Control onde fomos coñecedores de que o feixe de protóns xa non estaba circulando como consecuencia dunha avaría.
- Realizamos unha actividade **práctica**: a construción dunha cámara de néboa.

Tamén houbo tempo para o **lecer**: unha tarde realizamos unha visita cultural a Xenebra que rematou cunha cea cos conferenciantes que serviu para coñecer de primeira man e dun xeito máis distendido o seu traballo, e o día a día de tan relevante Centro de Investigación.

Como testigo de excepción acompañounos o químico Manuel Vicente, que conduce na Radio Galega o programa “*Efervescencia*” e aproveitou a estancia para realizar un programa monográfico sobre o CERN que se emitiu o domingo 21 de setembro.

Foi unha visita da que viñemos encantadas (igual que o resto dos participantes) pola emoción que nos causou poder estar no lugar onde nace a Física máis moderna e no momento no que a posta en marcha do novo acelerador abre grandísimas expectativas de descubrir nada menos que como foi o comenzo do Universo.

Dende o noso punto de vista, esta é unha experiencia única para aquel profesorado con inquietudes polo mundo da Física de Partículas e a Cosmoloxía e recomendámola con entusiasmo.

<http://education.web.cern.ch/education/> Contacto profesorado español [miguel.marquina@cern.ch](mailto:miguel.marquina@cern.ch)

<http://www.muyinteresante.es/lhc/cronica.htm> [www.efervesencia.org](http://www.efervesencia.org)

[http://www.xente.mundo-r.com/rcid/pages\\_es/links\\_4.html](http://www.xente.mundo-r.com/rcid/pages_es/links_4.html)

